



SODOMA E GOMORRA VALURAS

José Otero Canto

A Valura é un pobo maldito, seguindo o mesmo Murguía cando nos comenta a falta da súa boa reputación e incluso di estar en posesión de peculiaridades propias dunha “raza maldita”, visible nas lendas en que aparece a maldición dos seus habitantes, condenados sempre con asolagamentos das súas cidades, situadas na lagoa de Cospeito (Veria) e en Guitiriz (O Boedo).

Esta maldición, con connotacións bíblicas, pensamos que ten moito que ver coas cidades de Sodoma e Gomorra, que foron destruídas por Deus con lume e xofre caídos do ceo, mais no caso que nos ocupa cambiouse o constituínte básico da materia “o lume” polo seu contrario, o líquido elemento ou “a auga”, pero as peculiaridades dos seus habitantes, tanto nun caso como no outro, son moi semellantes ou case que iguais.



Sodoma e Gomorra menciónanse no libro da Xénese, despois de que Abraham regresase de Exipto e os habitantes de ambas as dúas cidades, o mesmo que os de Veria (Cospeito) e o Boedo (Guitiriz), son descritos como grandes pecadores segundo algúns escritos xudaicos clásicos en que se salienta a crueldade e falta de hospitalidade cos forasteiros como pecados propios destas dúas cidades bíblicas; tamén aparecen nas lendas das dúas cidades valuras e nas súas variantes a falta de hospitalidade cos forasteiros, representados pola chegada da Virxe, do Neno e, ás veces, de San Xosé ou de indixentes pedindo acougo e acubillo, mais que ninguén quere gorecer, estando tamén presente a crueldade, representada e simbolizada polos zapateiros.

SODOMA E GOMORRA VALURAS

A crueldade

A crueldade maniféstase pola aldraxe gravísima a Xesús Cristo, representado polo Neno da Sagrada Familia ao que un valuro de Veria (Cospeito) e zapateiro, de profesión, lle chimpa un instrumento aguzado, de metal e mango de madeira, que se coñece no oficio co nome de subela e que se emprega para furar o coiro, con tan mala sorte que se lle foi cravar nun pé ao neno Xesús, segundo recolle Reigosa na *Guía ilustrada da Galicia invisible*, pero a crueldade non remata aí, senon que “... a subela con tan boa puntaría que se cravou nun pé do Neno Xesús. Ao instante, do pé do cativo gurgullou un manancial de sangue tan enorme que afogou toda Veria”. Igual que nalgúns textos rabínicos onde se acusa os sodomitas de seren blasfemos e sanguinarios e noutra tradición igualmente rabínica se manifesta que Sodoma e Gomorra trataban os visitantes de forma sádica, que, como vemos, tamén está visible nas nosas lendas.

Esta crueldade outrosí amósase nunha variante desta lenda en que a virxe María pide unha cunca de leite e un valuro lle arrebola un zapato á cara á mesmísima nai de Deus, segundo recollen Cuba, Reigosa e Miranda no *Diccionario dos seres míticos galegos*.

No Boedo (Guitiriz) persiste a mesma lenda cunha variante onde se volve observar esa crueldade dos habitantes de Sodoma e Gomorra cando a Sagrada Familia pide comida e un zapateiro lle arrebola, neste caso, a forma ou peza de madeira que servía para fabricar o calzado ou para estiralalo, segundo nos conta González Reboredo.

A falta de hospitalidade

Ademais da crueldade, os textos xudaicos clásicos expoñen tamén que Sodoma e Gomorra mantiñan unha falta de hospitalidade cos forasteiros que está visible nas lendas valuras das dúas cidades asolagadas e en todas as súas variantes, pois en Valverde (Veria), segundo González Reboredo

“Un día foi á vila un pobre e pidiu pousada ou sequera algún cortizo onde pasar aquela noite. E uns din que era un pobre home que ía polas portas do mundo, outros que era a mesma Virxe en persoa, pero disfrazada”;

mais ninguén tivo a ben acoller o pobre indixente a non ser unha casa moi humilde onde vivía unha familia moi pobriña que mata o único becerro que teñen para acoller o(s) hóspede(s) e que, como pagamento da súa acollida, recibe pola mañá cedo unha corte chea de vacas e xatos e co preceptivo asolagamento de Valverde (Veria).

Nalgunhas variantes é a Sagrada Familia a que pide acubillo e ninguén lle presta atención; noutras é a mesmísima Virxe María quen pide unha cunca de leite e incluso lle guindan, como xa dixemos, un zapato, antes de que unha muller pobre chegue a acollela na súa vivenda, dicíndolle á Virxe que é pobre e que non lle pode dar leite porque non ten vacas, pero a Virxe respóndelle dicindo “... é tan certo que as tes como que a cidade de Valverde desapareceu asolagada por un diluvio por mor da súa incredulidade e idolatría”.

Na lenda do Boedo (Guitiriz) volve ser a Sagrada Familia cando un certo día pasou por alí pedindo comida e ninguén lles quixo dar nada a non ser unha muller moi pobre e chea de fillos, todos chorando coa fame tras da lareira, á que a Virxe lle manda que “... faga unha torta con cinza” coa que comen todos e “é tan certo que a torta é de trigo como que a cidade do Boedo está asolagada”.

As riquezas e a idolatría

Outra tradición rabínica exposta na Mishnah, que é a primeira gran colección escrita das tradicións orais xudías, coñecida como a Torá oral, afirma que os pecados de Sodoma estaban relacionados coa ganancia e co apego excesivo á propiedade e ás riquezas, o mesmo que lle ocorre a estas cidades chairegas, concretamente á de Veria, segundo nos recoñece Carré Alvarellos cando a Virxe estableceu parladoiro cunha muller valura para saber a razón pola que nunha cidade tan rica como Veria non había unha igrexa na que adorar a Deus. A muller contestoulle que adoraban unhas figuras de madeira e pedra representando o deus Baal; tamén lle falou da riqueza dos habitantes desta cidade onde había ricas teas e alfaías, facían grandes festas con bailes, collían grandes borracheiras e a xente estaba acostumada a vivir deste xeito.

Todo isto concorda, como xa dixemos, con ese apego á propiedade e á riqueza da que nos advirte a Mishnah.

Bibliografía

Amor Meilán, M. (s.a.). *Geografía general del Reino de Galicia. Vol. II. Provincia de Lugo*. Barcelona: Casa Editorial Alberto Martín. Barcelona.

A Sagrada Biblia.

Corominas, *Diccionario etimológico de la Lengua Española*.

Cuba, X. R., Reigosa, A. e Miranda, X. (1999). *Dicionario dos seres míticos galegos*. Vigo: Xerais.

Carré Alvarellos, L. (1977). *Las leyendas tradicionales gallegas*. Madrid: Espasa Calpe.

Díez Taboada, P., Lucerna. Ed. Letralía. Internet.

Dorrego Martínez, F. (2005).Sobre os Valuros: Mito e realidade. Croa nº 15.

Fraguas Fraguas, A. (1989). *O río Miño: realidade, lenda e literatura*. Ourense: Caixa Ourense

González Reboredo, X. M. (1995). *Lendas galegas de tradición oral*. Vigo: Ed. Galaxia, 2.ª ed.

Murgía, M. (1888). *Galicia: Sus monumentos y artes. Su naturaleza e historia*. Barcelona: Ed Daniel Cortezo.

Reigosa, A. (2010). *Guía ilustrada da Galicia invisible*. Vigo: Xerais, 1.ª ed.

Sánchez Dragó, F. (2023). *Historia mágica del Camino de Santiago*. Córdoba: Ed. Almuzara.

Vaqueiro, V. (2003). *Guía da Galicia máxica*. Vigo: Galaxia, 3.ª edic.

Villamil y Castro, J. (2009). *Antiguedades prehistóricas y célticas de Galicia*. Valladolid: Ed. Maxtor.